



CONSELLO  
DA AVOGACÍA  
GALEGA



FORMACIÓN  
Consello da Avogacía Galega



# CURSO DE DEREITO CONCURSAL

Marzo 2018



CONSELLO  
DA AVOGACÍA  
GALEGA



FORMACIÓN  
Consello da Avogacia Galega

## CURSO DE DEREITO CONCURSAL

### ÍNDICE

<b>Presentación</b>	<b>1</b>
<b>Características do curso</b>	<b>2</b>
<b>Obxectivos do curso</b>	<b>3</b>
<b>Matrícula e inscricións</b>	<b>3</b>
<b>Certificación académica</b>	<b>3</b>
<b>Equipo</b>	<b>3</b>
<b>Como estudar este curso</b>	<b>4</b>
<b>Biblioteca dixital</b>	<b>5</b>
<b>Foro</b>	<b>6</b>
<b>Programa do curso</b>	<b>7</b>
<b>Estatuto do Consello Da Avogacía Galega</b>	<b>11</b>



## PRESENTACIÓN

A necesidade que teñen os letrados e letradas de formarse no Dereito Concursal radica na importancia de coñecer os principios básicos que inspiran o conxunto de normas xurídico privadas que se ocupan de regular as crises económicas empresariais.

O proceso concursal ten por obxecto satisfacer, na medida do posible e en igualdade de condicións, os dereitos de crédito dunha pluralidade de acredores dun debedor común en estado de insolvencia, que concorren ao procedemento, ben mediante a realización do patrimonio do debedor, ben mediante a obtención dun convenio que a evite e permita o pago das débedas.

Nos últimos 5 anos, foron varias as normas publicadas que afectaron ao procedemento concursal, entre elas, a coñecida como Lei da Segunda Oportunidade.

Neste curso analízanse todas as cuestións que determinan as actuacións a levar a cabo no procedemento concursal e que desembocan no auto de declaración do concurso, e todo actualizado segundo os cambios introducidos pola última normativa.

Este curso parte dun convenio de colaboración entre o Consello da Avogacía Galega e a editorial Thomson Reuters Aranzadi, que pon a disposición de todos os avogados e avogadas galegas unha serie de materiais elaborados por profesionais que interactúan a diario coa materia concursal.

## CARACTERÍSTICAS DO CURSO

Duración:	★★★★★
Profundidade:	★★★★★★★
Flexibilidade:	★★★★★★★

**Organiza:** Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia e coa participación da editorial Thomson Reuters Aranzadi.

**Coordina:** Secretaría Técnica CAG.

**Dirixido a:** profesionais da avogacía galega.

**Modalidade:** en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion>.

**Lingua do curso:** castelán.

**Lingua da plataforma:** castelán ou galego, configurable por cada usuario/a.

**Número de horas lectivas:** 90.

**Prazo de matrícula:** ata o 30 de abril do 2018.

**Lugar de matrícula:** na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

**Prezo:** avogados/as exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía: 70 €. Avogados/as non exercentes: 90 €.

**Remate do curso:** 30 de setembro do 2018.

**Superación do curso:** para a obtención do certificado é obrigatoria a superación dos casos prácticos correspondentes a cada tema.



## OBXECTIVOS DO CURSO

O obxectivo do presente curso é o de ofrecer formación sobre o proceso concursal, as súas fases, figuras, do procedemento concursal.

## MATRÍCULA E INSCRICIÓNS

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

## CERTIFICACIÓN ACADÉMICA

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e logo da superación de todos os casos prácticos, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a súa autenticidade.

## EQUIPO


O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

<b>Persoa</b>	<b>Tarefa</b>
<b>JOSÉ IGNACIO LOSADA CASTILLO</b> AVOGADO ADMINISTRADOR CONCURSAL	<b>Titoría. Revisión de contidos</b>
<b>SERGIO ARAMBURU GUILLÁN</b> AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	<b>Coordinación do curso</b>
<b>VERÓNICA PAJÓN JACOBE</b> DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega	<b>Coordinación e maquetación</b>

## COMO ESTUDAR ESTE CURSO

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, legislación e material de apoio están en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña cos coordinadores do curso mediante un sistema de foros.

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes temas organizados por pestanas:



O curso consta de oito temas, con contidos formativos de diferente tipo:

- Formación interactiva.
- Formación audiovisual.
- Formación en PDF.
- Probas de avaliación.

Un dos valores engadidos nesta formación é a existencia de formación audiovisual, máis fácil de asimilar que a información textual, o que alixeira a experiencia formativa.

Os contidos teóricos tamén se ofrecen:

- Mediante paquetes SCORM, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que conteñen a mesma información, coa posibilidade de que se poden descargar e imprimir.

**Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.**



É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas antes da realización dos casos prácticos que se atopan ao final de cada unidade e que serán corrixidos nos prazos establecidos polo formador.

Todas as probas de avaliación presentes no curso deben ser realizadas e avaliadas como aptas antes da data de finalización do curso para poder superar a formación.

### BIBLIOTECA DIXITAL

Dentro do convenio de colaboración asinado entre o Consello da Avogacía Galega e a editorial Thomson Reuters Aranzadi, inclúese como agasallo unha biblioteca dixital para os inscritos neste curso, a elixir entre os seguintes packs:

#### **PACK 1: Civil**

- Código Civil
- Comentarios á Lei de Xurisdición Voluntaria
- Revista Doutrinal Aranzadi Civil Mercantil

#### **PACK 2: Administrativo**

- Formularios Contencioso-Administrativo
- Problemas prácticos e actualidade do Dereito Administrativo
- Revista Actualidade Xurídica Aranzadi

#### **PACK 3: Fiscal / Laboral**

- Procedementos tributarios
- Prácticum Proceso Laboral
- Revista Actualidade Xurídica Aranzadi

O alumno poderá acceder á biblioteca dixital a través dun enlace, no que previamente terá que facilitar uns datos de rexistro á editorial.

**AVISO: A cesión dos datos persoais será realizada voluntariamente polo alumno e a información será xestionada pola editorial Thomson Reuters Aranzadi. O Consello da Avogacía Galega non se responsabiliza da información facilitada polo alumno, nin da súa xestión pola editorial.**

## FORO

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o seu titor poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo. É a ferramenta principal para consultar as dúbidas sobre o temario.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. É unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e un espazo onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí a titora poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.



Foro Xeral do Curso



Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

***\*\* Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles.***





## PROGRAMA DO CURSO

### TEMA 1. CONCURSO VOLUNTARIO E CONCURSO NECESARIO

1. Principios que rexen o procedemento concursal
2. Xuíz competente
3. Comunicación do artigo 5 bis da Lei Concursal
4. O concurso voluntario
  - 4.1. Solicitud
  - 4.2. Lexitimación activa para solicitalo
  - 4.3. O orzamento obxectivo: A insolvencia
  - 4.4. Feitos nos que se pode fundar a solicitude
5. O concurso necesario
  - 5.1. Introducción
  - 5.2. Solicitud
  - 5.3. Requisitos de admisión
6. A publicidade do concurso
  - 6.1. A publicidade do artigo 23 da Lei Concursal
  - 6.2. A publicidade rexistral do artigo 24 da Lei Concursal

### TEMA 2. O ACORDO EXTRAJUDICIAL DE PAGOS E O CONCURSO CONSECUTIVO

1. O acordo extrajudicial de pagos
  - 1.1. Exposición xeral
  - 1.2. Cales son os orzamentos do acordo extrajudicial de pagos?
  - 1.3. Como se avalía a solicitude?
2. O mediador concursal
  - 2.1. Condicións para ser mediador concursal
  - 2.2. Nomeamento
  - 2.3. Retribución
3. Cales son os efectos da iniciación do expediente?
  - 3.1. Efectos sobre o debedor
  - 3.2. Efectos sobre os acredores
4. Como se tramita o acordo extrajudicial de pagos?
  - 3.1. Comprobación da lista de acredores
  - 3.2. Convocatoria á reunión de acredores
  - 3.3. Elaboración do Plan de Pagos e Plan de Viabilidade
5. A reunión dos acredores
6. A impugnación do acordo
7. A vixencia do acordo
8. O cumprimento e incumprimento do acordo
9. O concurso consecutivo
  - 9.1. Que é un concurso consecutivo?
  - 9.2. Como se tramita?
  - 9.3. Que especialidades ten?
10. A exoneración de débedas vía artigo 178 bis da Lei Concursal



### **TEMA 3. A ADMINISTRACIÓN CONCURSAL**

1. A tramitación da Sección II
2. Quen pode ser nomeado Administrador Concursal?
  - 2.1. Introducción
  - 2.2. As listas de Administradores Concurtais a efectos de nomeamento
  - 2.3. Nomeamento
  - 2.4. Incapacidades, incompatibilidades e prohibicións para ser nomeado Administrador Concursal.
3. A aceptación do cargo
4. O seguro da Administración Concursal
5. Cando se pode ou debe nomear un auxiliar delegado á Administración Concursal?
6. Cales son as obrigas da Administración Concursal?
7. Cal é o réxime de retribución?
8. Recusación
9. Separación
10. A responsabilidade da Administración Concursal

### **TEMA 4. EFECTOS DA DECLARACIÓN DO CONCURSO SOBRE O DEBEDOR E ACREEDORES**

1. Efectos sobre o debedor
  - 1.1. A intervención ou substitución das facultades
  - 1.2. Outros efectos
2. Efectos sobre os acreedores
  - 2.1. A integración da masa pasiva
  - 2.2. Os efectos sobre as accións individuais
  - 2.3. A competencia dos xuíces civís e da orde social
  - 2.4. Os xuízos declarativos iniciados antes da declaración do concurso
3. Efectos sobre os créditos

### **TEMA 5. EFECTOS SOBRE AS EXECUCIÓN E OS CONTRATOS**

1. As execucións e as premas
  - 1.1. A regra xeral do artigo 55 da Lei Concursal
  - 1.2. Réxime en caso de execucións de garantía real
2. Efectos sobre os contratos
  - 2.1. A regra xeral. A vixencia dos contratos con obrigas recíprocas
  - 2.2. A que contratos afecta?
  - 2.3. A determinación do cumprimento íntegro das obrigas contractuais
  - 2.4. Como se articula en caso de contratos pendentes de cumprimento por ambos contratantes?
  - 2.5. A resolución por incumprimento de calquera das partes
  - 2.6. Os efectos da resolución
  - 2.7. A enervación dos contratos en interese do concurso
  - 2.8. Os supostos especiais do artigo 63 da Lei Concursal
3. Os efectos do concurso sobre os contratos de traballo
  - 3.1. Introducción
  - 3.2. Supostos que podemos atopar



- 3.3. Como se tramita o procedemento de modificación substancial, suspensión ou extinción colectiva dos contratos de traballo?
- 4. Breves notas sobre os contratos de alta dirección
- 5. Breves notas sobre os contratos entre concursados e a Administración Pública
- 6. A rehabilitación de créditos
  - 6.1. Que contratos son susceptibles de ser rehabilitados?
  - 6.2. Que requisitos débense cumprir?
  - 6.3. Que efectos produce unha eventual rehabilitación dos créditos?
- 7. Posibilidade de rehabilitar contratos de adquisición de bens con pago aprazado
- 8. Posibilidade de enervar a acción de desafiuzamento
  - 8.1. A enervación do desafiuzamento en arrendamentos contra o concursado
  - 8.2. Requisitos para o seu exercicio
  - 8.3. Efectos

#### TEMA 6. AS FASES DO CONCURSO

- 1. Introducción
- 2. A fase común
  - 2.1. Introducción
  - 2.2. Determinación da masa activa
  - 2.3. Determinación da masa pasiva
- 3. A acción de reintegración
  - 3.1. Introducción
  - 3.2. Lexitimación activa
  - 3.3. Lexitimación pasiva
  - 3.4. Orzamentos para o exercicio da acción
  - 3.5. Presuncións legais de actos prexudiciais
  - 3.6. Efectos en caso de estimarse a acción
- 4. A fase de convenio
  - 4.1. Concepto
  - 4.2. Clases de convenio
  - 4.3. Requisitos
  - 4.4. As adhesións á proposta de convenio
  - 4.5. O trámite de aprobación da proposta de convenio
  - 4.6. A xunta de acredores
  - 4.7. Efectos da sentenza de aprobación de convenio
  - 4.8. O incumprimento do convenio
- 5. A fase de liquidación
  - 5.1. Quen pode solicitar a liquidación?
  - 5.2. Efectos da apertura da fase de liquidación
  - 5.3. O plan de liquidación
  - 5.4. O pago aos acredores



#### **TEMA 7. A CUALIFICACIÓN DO CONCURSO**

1. Casos nos que proceda apertura da fase de cualificación
2. As presuncións de concurso culpable
  - 2.1. A cláusula xeral do artigo 164.1. da Lei Concursal
  - 2.2. As presuncións *iure et de iure* do artigo 164.2. da Lei Concursal
  - 2.3. As presuncións *iuris tantum* do artigo 165 da Lei Concursal
3. A lexitimación para solicitar pronunciamentos en sentenza
  - 3.1. O concepto de parte do artigo 168 da Lei Concursal
  - 3.2. O preceptivo informe da Lei Concursal
  - 3.3. O ditame do Ministerio Fiscal
  - 3.4. O imperativo arquivo das actuacións do artigo 170 da Lei Concursal
  - 3.5. Os acredores persoados
4. O trámite procesual
5. A sentenza de cualificación
  - 5.1. Requisitos
  - 5.2. Persoas afectadas pola cualificación
  - 5.3. Os efectos sobre as persoas afectadas
6. Lexitimación para recorrer a sentenza de cualificación

#### **TEMA 8. CONCLUSIÓN DO CONCURSO**

1. As causas de conclusión do concurso
2. O falecemento do concursado
3. Especialidades da conclusión por insuficiencia de masa activa (artigo 176 bis da Lei Concursal)
  - 3.1. Requisitos e obrigas que xorden para a Administración Concursal
  - 3.2. Sistema de pagos en caso de conclusión por insuficiencia da masa
4. A declaración xudicial de conclusión
  - 4.1. Trámite (artigo 176.2 da Lei Concursal)
  - 4.2. Efectos
5. A rendición de contas da Administración Concursal
6. A reapertura do concurso
  - 6.1. Características e principios básicos propios da reapertura
  - 6.2. Supostos que permiten a reapertura do concurso
  - 6.3. Xuíz competente para coñecer da reapertura
  - 6.4. Orzamentos da reapertura
  - 6.5. O Auto de declaración de reapertura
  - 6.6. Efectos da reapertura

Cada tema acompáñase dun cuestionario práctico.



## ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADOS POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

### *Artículo 5*

No ámbito territorial da súa competencia, terá as seguintes funcións:

1. As atribuídas ó Consello Xeral da Avogacía Española, pola Lei de colexios profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas en virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias de cada colexio.

(...)

4. Fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades, con relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, a promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes. Establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.